

PERTURBANDO TRABALLOS

A NASA acaba de encargar o deseño de reactores de fisión nuclear a varias empresas que se empregaran nas próximas viaxes á Lúa. Esta nova tecnoloxía baseada na propulsión eléctrica mediante un reactor de fisión atómica permitirá lanzar unha sonda ás tres lúas de Xúpiter que albergan océanos de auga: Calisto, Ganímedes e Europa. Os motores nucleares poderían diminuír a duración das viaxes ao planeta vermello, abarataría os custos e facilitaría o envío de mostras e retorno dos astronautas.

Coma sempre, ten que haber institucións en contra, e neste caso tocoulles aos ecoloxistas, pero eu aconsellaríalles que antes de poñer de manifesto as súas ideas se asegurasen da veracidade das mesmas. Xa en outras ocasións a NASA tivo que enfrontarse a grupos ecoloxistas cando en 1997 lanzou unha nave a Saturno cargada de Plutonio, algúns denunciaron o risco de que algo fallara e o material radioactivo caera sobre a Terra, pero Cassini Huygens non tivo ningún problema.

Estes grupos ecoloxistas inflúen na opinión de múltiples cidadáns que se poñen en contra de científicos da NASA que están a traballar sen repouso por adoptar ideas sen saber nin sequera se son certas. Nós non nos damos conta de que o que están a facer estes grupos de científicos beneficiannos a todos. Poida que gran parte do seu traballo se deba á

súa afección polo tema, e poida tamén que eles non pensen en nós, nos milleiros de cidadáns que estamos á espera dunha noticia alentadora sobre o espacio e a vida extraterrestre. Pero quizais sexa o noso interese o que nos leve a rexeitar estas ideas. Pois ¿Non sería fascinante que dentro duns anos puideramos viaxar ao espacio e pasar alí longas tempadas? Quizais o cambio de medio poida aliviar eses síntomas de depresión que estamos a padecer. ¿E se houbera vida extraterrestre? Daquela poida que eles nos liberen desta sociedade que co paso dos anos está a complicarse, quizais eles nos ensinen a vivir dunha maneira máis tranquila e relaxada.

É verdade, si. Eu tamén entendo que estamos a vivir nunha sociedade onde abunda a velocidade, e que estamos acabando connosco, pero somos seres humanos, por natureza somos curiosos e precisamos resolver as nosas inquedanzas. Quizais

son moitas as veces que a tecnoloxía falla, pero tamén son moitas as veces que acada un éxito extraordinario.

¿Por qué estes ecoloxistas se empeñan en frear esta actividade cando existen no mundo outros moitos problemas que teñen solución e que non contan co apoio necesario? Quizais o que buscan é polémica e enfrontamentos, mais ¿por que non se ocupan de buscar, por exemplo, novas formas de enerxía renovables? Isto sería máis proveitoso, porque a NASA dispón de cerebros privilexiados que dentro do posible evitarán a contaminación.

Espero que estes ecoloxistas reflexionen e que se poida cumprir o proxecto Prometeo, pois grazas a estes motores poderase lanzar un robot submarino que intente atravesar a corteza xeada e chegar ata a auga líquida das lúas de Galileo.

Mirta Sueiro Costoya. B1A

